



Praza Agustín Díaz, 1
Complejo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO PRIMEIRO

DENOMINACIÓN, NATUREZA XURÍDICA, OBJETO SOCIAL E DOMICILIO

Artigo 1º. A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CÁSTING (en diante a Federación) é unha entidade privada con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, cuxo ámbito territorial abrangue a Comunidade Autónoma de Galicia para cumprimento dos fins que lle son propios. Está constituída polos Clubs, Peñas, Sociedades e Asociacións deportivas (en diante Entidades Deportivas), deportistas, técnicos, adestradores, xuíces/árbitros e outros colectivos adicados á práctica do deporte que constitúe o seu obxectivo social.

A Federación, ademais das súas propias competencias, exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo actuando coma axente colaborador da Administración pública.

Artigo 2º. A Federación organízase, orgánica e funcionalmente, de maneira democrática e representativa, con personalidade xurídica e patrimonio propios e independente ao dos seus asociados e plena capacidade de obrar, coas limitacións sinaladas pola Lei e as disposicións vixentes. Pode adquirir, para os seus propios fins, toda clase de bens, mobles e inmoables. Controlar e obrigarse para o cumprimento das súas finalidades e está suxeita as súas propias responsabilidades.

A Federación áchase integrada na Federación Española da mesma especialidade, sendo a depositaria, de maneira exclusiva, da representación desta dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, no referente ao deporte que constitúe o seu obxectivo social, mantendo nesta integración a súa personalidade xurídica, o seu propio e diferenciado patrimonio, o seu orzamento e o seu réxime xurídico particular.

Artigo 3º. A Federación ten coma obxectivo social promover, dirixir e coordinar con carácter exclusivo, dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concorrentes das distintas Administracións Públicas, as actividades propias da súa especialidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia. Rexerase por estes Estatutos e os seus Regulamentos, polos da Federación Española da mesma especialidade, no que lle sexan aplicables, tamén polas disposicións que dite a Xunta de Galicia e , supletoriamente, a Administración do Estado.



Federación Galega de Pesca

Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



A Federación é a única entidade competente, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, para promover, regulamentar, organizar, xestionar e controlar as competicións oficiais do deporte da pesca nas augas continentais e costeiras nas súas diversas especialidades de: Salmónidos, Ciprínidos, Blak-bass, Mar-Costa, Embarcación Fondeada e Cásting. En tódalas modalidades, así coma na defensa e protección do medio ambiente e as das augas, leitos, flora e fauna das augas continentais Galegas.

Artigo 4º. A Federación dentro da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, ademais das súas funcións propias de promoción, goberno, administración, xestión e organización do deporte que constitúe o seu obxectivo social exercerá, baixo a coordinación e tutela da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, as seguintes funcións públicas de carácter administrativo:

- a) A promoción e divulgación do deporte que constitúe o seu fin en tódalas súas facetas.
- b) Encamiñar aos deportistas á práctica do deporte propio desta Federación mediante os oportunos cursiños de iniciación, formación e perfeccionamento.
- c) Apoiar técnica e administrativamente a práctica do deporte orixinario desta actividade, velando ante os organismos competentes polo respaldo a esta especialidade deportiva dentro de Galicia.
- d) Cualificar e organizar as actividades e competicións deportivas oficiais de eido autonómico Galego.
- e) Exercer a potestade disciplinaria sobre os integrantes da Federación nos termos previstos na Lei.
- f) Exercer o control das subvencións que se lles concedan ás Asociacións ou Entidades Deportivas nas condicións que fixe a Secretaría Xeral para o Deporte.
- g) Executar, no seu caso, as resolucións do Comité Galego de Disciplina Deportiva.
- h) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Lexislación vixente ou que acorde, no eido das súas competencias, a Asemblea Xeral.

Os actos feitos pola Federación, no exercicio das súas funcións públicas de natureza administrativa, admiten recurso perante o Conselleiro da Presidencia e Administración Pública, cuxas resolucións esgotan a vía administrativa.

Artigo 5º. O domicilio social da Federación é: Praza Agustín Díaz nº 1, Complexo Deportivo de Elviña, Local 5, 15008 A Coruña.

A Comisión Delegada, por maioría dos seus membros e cando as circunstancias o aconsellen, poderá acordar o troco do domicilio social dentro da mesma cidade. Para o traslado do domicilio social a outra cidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre o acordo maioritario da Asemblea Xeral, en ambos casos, o traslado do domicilio social deberá ser notificado aos afiliados e a Secretaría Xeral para o Deporte.

Por acordo da Asemblea Xeral, e a efectos puramente de organización interna, poderanse establecer delegacións da Federación nas cidades de Galicia que decida a nomeada Asemblea.

CAPÍTULO SEGUNDO

REQUISITOS PARA SER MEMBRO DA FEDERACIÓN. DEREITOS E DEBERES

Artigo 6º. As Entidades Deportivas poderán integrarse a petición propia na Federación, sempre que teñan o seu domicilio social e desenvolvan a súa actividade en Galicia e se atopen constituídos conforme aos requisitos esixidos, para cada modalidade, pola lexislación vixente e estean inscritos no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, debendo comprometerse a cumprir os Estatutos e Regulamentos da Federación e someterse á autoridade dos órganos federativos, en relación coa materia da súa competencia.

Os mesmos criterios e requisitos, no que sexa de aplicación, rexerán para a integración na Federación dos deportistas, técnicos, adestradores, xuíces/árbitros e outros colectivos interesados, de habelos.

Artigo 7º. A integración na Federación, levará consigo a integración automática e a tódolos efectos na Federación Española da mesma especialidade deportiva.

Artigo 8º. A integración na Federación producirase mediante a expedición por parte dela da correspondente Licenza Federativa ou documento de afiliación ou inscrición. Dita expedición será acordada pola Xunta Federativa Galega. Contra a denegación, que deberá ser motivada, caberá recurso perante a Asemblea Xeral. En todo caso, para a participación nas actividades ou competicións oficiais de eido autonómico cómpre estar en posesión da licenza ou documento de afiliación expedido pola Federación.

Artigo 9º. Tódolos membros da Federación teñen dereito a recibir a tutela da mesma con respecto aos seus intereses deportivos comúns e individuais, así coma o de participar nas súas actividades e no funcionamento do seus órganos, sempre de acordo cos presentes Estatutos e cos Regulamentos internos da mesma. Os membros da Federación teñen, tamén, a obriga de acatar os acordos dos seus órganos, sen que ilo



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



obste o seu dereito de recurso perante as instancias federativas competentes ou, no seu caso, perante os Tribunais de Xustiza ou a Secretaría Xeral para o Deporte, segundo proceda, para aqueles que consideren contrarios a Dereito, sen prexuízo de acudir á conciliación extraxudicial ou arbitrase nos termos previstos nas Leis.

CAPÍTULO TERCEIRO

ESTRUTURA TERRITORIAL

Artigo 10º. A federación estruturase territorialmente en Delegacións.

Cada Delegación quedará integrada polas entidades deportivas, deportista, adestradores, xuíces/árbitros e outros colectivos que correspondan no eido territorial fixado pola Asemblea Xeral para cada Delegación.

Artigo 11º. As Delegacións axustarán a súa actividade ás normas ditadas pola Federación a través dos órganos que correspondan e, sinaladamente do seu Presidente.

Artigo 12º. Os titulares das Delegacións serán nomeados e cesados polo Presidente da Federación, conforme ao artigo 32º dos presentes Estatutos.

A Composición do equipo directivo da Delegación e a competencia do mesmo, será libre facultade do titular da Delegación, o cal dará conta ao Presidente da Federación.

TÍTULO II

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

CAPÍTULO PRIMEIRO

NORMAS XERAIS

Artigo 13º. Son órganos de goberno e representación da Federación a Asemblea Xeral e o Presidente.

No seo da Asemblea Xeral deberá constituírse unha Comisión Delegada de asistencia á mesma.

Artigo 14º. Serán órganos electivos da Federación o Presidente, a Asemblea Xeral e a Comisión Delegada no eido das súas respectivas competencias.



Federación Galega de Pesca

Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

1. Os membros dos seus demais órganos e Comités, serán designados e revogados libremente polo Presidente coas excepcións previstas nos presentes Estatutos.
2. O nomeamento ou a revogación dos membros dos órganos de goberno e representación, dos órganos complementarios e dos comités que puideran crearse dentro da Federación, deberán ser comunicados a tódolos membros da Asemblea Xeral e a Secretaría Xeral para o Deporte nun prazo máximo de 15 días a partires da data do nomeamento ou revogación.
3. Os órganos de goberno e representación reuniranse na forma e termos establecidos nestes Estatutos. Os seus acordos, agás disposición expresa que obrigue ao contrario, acadaranse por maioría simple. No caso de empate o Presidente terá voto de calidade. Os acordos poderán ser impugnados de conformidade co disposto na lexislación aplicable e nos presentes Estatutos.
4. A responsabilidade dos membros dos órganos da Federación, no exercicio das súas funcións, será esixida no eido disciplinario de conformidade co disposto no R.D. 1.591/1.992 de 23 de decembro e nos eidos civil e penal de acordo coa lexislación xeral de aplicación.

Son requisitos xerais para ser membro de calquera Órgano da Federación, sen prexuízo do establecido regulamentariamente, os seguintes:

- a) Tela condición de cidadán/cidadá de Galicia, conforme ao disposto no artigo 3 da Lei Orgánica do 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos seus dereitos civís.
- c) Non estar suxeito a corrección disciplinaria de carácter deportivo que o inhabilite.
- d) Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
- e) Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade establecida legalmente ou nos presentes Estatutos.
- f) Reunir os requisitos específicos propios de cada estamento deportivo.

CAPÍTULO SEGUNDO

DA ASEMBLEA XERAL

SECCIÓN PRIMEIRA

NATUREZA COMPOSICIÓN NOMEAMENTO CESE



Praza Agustín Díaz, 1
Complejo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Artigo 15º. A Asemblea Xeral é o órgano superior de goberno e representación da Federación.

Artigo 16º. A Asemblea Xeral estará constituída polo Presidente da Federación e polos representantes das Entidades Deportivas, dos deportistas, dos técnicos, dos adestradores, dos xuíces/árbitros e doutros colectivos, de habelos.

As Entidades Deportivas non poderán ser membros da Asemblea Xeral, se nas datas da convocatoria das eleccións non figuran inscritas no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

Os compoñentes da Xunta Directiva, por esta soa condición poderán asistir á Asemblea, con voz pero sen voto.

Artigo 17º. A Asemblea Xeral estará integrada por un determinado número de membros, con dereito a pertencer á mesma ou, de seren os candidatos a ela máis numerosos á representación que lle corresponda polo seu estamento, os elixidos entre os que teñan ese dereito. Representarán aos seguintes estamentos e nas seguintes proporcións:

- Entidades Deportivas; Entre o 60 e o 75%.
- Deportistas; Ata un máximo do 30%.
- Adestradores/técnicos; Ata un máximo do 5%.
- Xuíces/árbitros; Ata un máximo do 8%.
- Outros colectivos, de habelos, ata un máximo do 10%.

Artigo 18º. A convocatoria de eleccións deberá de indicar expresamente o número de membros da Asemblea Xeral e o de cada un dos estamentos, modificado, ou non, unha vez aprobado definitivamente o censo electoral.

Artigo 19º. Os membros da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada cesarán polas seguintes causas:

- a) Morte.
- b) Disolución da entidade á que representan.
- c) Expiración do mandato para o que foi elixido.
- d) Renuncia voluntaria ou dimisión.
- e) Estar incurso en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria.
- f) Sanción disciplinaria imposta de forma regulamentaria que implique o cese no cargo que desempeña.
- g) Por acordo da Asemblea Xeral conforme ao artigo 21º.2 dos presentes Estatutos.



Federación Galega de Pesca

Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Artigo 20º. As vacantes que se produzan na Asemblea Xeral antes das seguintes eleccións xerais á mesma, serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtiveron maior número de votos despois dos que resultaron elixidos e, a falta destes, mediante a realización de eleccións parciais sempre que neste derradeiro caso, as vacantes superen o 20% dos membros da Asemblea.

Os elixidos para ocupar as vacantes ás que se refire o apartado anterior desempeñarán o seu mandato polo tempo que falte para a convocatoria das vindeiras eleccións xerais.

SECCIÓN SEGUNDA

RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

COMPETENCIAS

Artigo 21º. A Asemblea Xeral, coma máximo órgano de goberno e representación da Federación, pode adoptar calquera acordo ou decisión sobre a mesma, con sometemento ás regras de competencia e procedemento. Especialmente son competencias da Asemblea Xeral as seguintes:

1. Aprobación e modificación dos Estatutos da Federación.
2. A elección mediante sufraxio libre, igual e segredo do Presidente e da Comisión Delegada da Federación, así coma o cese dos mesmos e a moción de censura ao Presidente.
3. Aprobación e liquidación do orzamento anual da Federación.
4. Aprobación do calendario ou programa deportivo anual a desenvolver pola federación e das bases e regulamentos que rexerán a competición.
5. Aprobación da creación de órganos territoriais da Federación.
6. Aprobación do Regulamento Electoral á Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación.
7. Aprobación do Regulamento sobre conciliación extraxudicial ou arbitraje.
8. Aprobación do Regulamento de Disciplina Deportiva.
9. Calquera outra competencia da Federación que non estea atribuída polos presentes Estatutos a outro órgano.

1. CONVOCATORIA



Praza Agustín Díaz, 1
Complejo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Artigo 22º. A Asemblea Xeral será convocada polo Presidente da Federación cun mínimo de antelación de 10 días naturais á data na que se desenvolverá a mesma, no taboleiro de anuncios da Federación e na páxina web www.fgpesca.org debendo incluír necesariamente os puntos a tratar na orde do día, ademais da notificación persoal a cada un dos seus membros ao seu domicilio, o cal deberá constar na federación, polo menos, 30 días antes da data da convocatoria. A notificación será remitida por calquera dos medios que permitan ter constancia da súa recepción que terá lugar cunha antelación mínima de 48 horas á hora da reunión. Os defectos formais da convocatoria non darán lugar á nulidade da Asemblea sempre e cando os membros da mesma teñan recibido a convocatoria coa Orde do Día no prazo establecido e, en todo caso, a Asemblea será válida sen necesidade de ningún outro requisito, sempre que concorran a totalidade dos membros da mesma.

A Orde do Día poderá, a petición fundada dun quinto dos membros da Asemblea Xeral, ser modificada no senso de engadir novos puntos, sempre que isto sexa solicitado con tempo dabondo para que poida serlles notificada a tódolos membros da Asemblea Xeral mediante publicación no enderezo electrónico da Federación, cunha antelación de non menos de 3 días á data da Asemblea.

Artigo 23º. O Presidente da Federación deberá de convocar unha Asemblea Xeral Ordinaria anualmente antes do inicio da nova tempada deportiva para tratar os asuntos propios da xestión ordinaria e, coma mínimo, para a aprobación da memoria anual de actividades, do novo orzamento e a liquidación do anterior, do calendario deportivo e as regras que rexerán a competición. Nesta Asemblea tamén se examinarán e considerarán as propostas que formulen os membros da mesma, da Comisión Delegada, da Xunta Directiva e o Presidente.

Tódalas demais Asembleas serán de carácter extraordinario. Convocaraas o Presidente da Federación sempre que o estime oportuno, ou a petición dun número de membros que integren a Asemblea Xeral non inferior ao 25%. Neste caso, os solicitantes deberán formular unha petición por escrito dirixida ao Presidente da Federación indicando os puntos que comporán a Orde do Día. O Presidente, nun prazo máximo de 10 días naturais dende a entrada da petición no rexistro da Federación deberá convocar a Asemblea Xeral con carácter Extraordinario. Cos requisitos de forma sinalados nos Estatutos e coa Orde do Día solicitada, sen engadir ningún outro punto. A Asemblea deberá facerse nun prazo non superior a 20 días naturais dende a data da convocatoria. No caso de negarse expresamente o Presidente a facer a convocatoria, os solicitantes poderán facer uso dos dereitos que a lexislación vixente lles reconece, perante a



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Secretaría Xeral Para o Deporte, para a convocatoria dos órganos Colexiados de goberno.

Cando o Presidente da Federación decate a existencia dunha situación urxente que non permita demora na convocatoria da Asemblea Xeral, poderá convocala sen estar suxeito a prazo nin requisito de forma algunha, agás a citación persoal dos asembleístas que poidan ser localizados nos enderezos ou contactos (mail, móbil etc.) que consten na Federación. En todo caso a Asemblea requirirá coma mínimo a presenza dos 2/3 dos seus membros e, antes de analizar a Orde do Día, pronunciarase previamente por maioría dos asistentes sobre a urxencia da convocatoria e a necesidade, ou non, de que se faga esa Asemblea. A Asemblea convocada desta maneira non poderá modificar os Estatutos.

2. CONSTITUCIÓN

Artigo 24º. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria, cando a ela concorran a maioría dos seus membros.

En segunda convocatoria será válida sexa cal sexa o número de asistentes. Deberá de mediar un prazo mínimo de media hora entre a primeira e a segunda convocatoria.

3. ADOPCIÓN DE ACORDOS

Artigo 25º. Non será admisible de ningunha maneira para formular a vontade dos órganos Colexiados da Federación, nin para establecemento de quórum, o voto por correo nin a delegación do voto sendo, por isto, necesaria a presenza física dos seus membros. Exceptuando as eleccións de membros da Asemblea Xeral (de acordo co Regulamento Electoral). Con carácter excepcional as Entidades Deportivas poderán ser representados de conformidade cos seus propios Estatutos, pero o representante non poderá ser membro da Asemblea Xeral. Ninguén poderá ser depositario, na Asemblea Xeral, de máis dunha delegación de voto.

Artigo 26º. As votacións no seo da Asemblea Xeral faranse da maneira e na orde que a Presidencia estableza, sendo ela quen decide se han de ser ordinarias, nominais ou segredas; se ao menos o vinte e cinco por cento dos asistentes solicita unha modalidade determinada, a maneira de votación decidírase por maioría simple dos membros da Asemblea Xeral.



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Artigo 27º. A Asemblea Xeral será presidida polo Presidente da Federación e o seu voto, no caso de empate, será de calidade. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos asistentes.

Aos efecto de cómputo de quórum e maiorías, cando estes se compoñan dun número inexacto de asembleístas, calcularanse sempre por exceso e con referencia ao número de aqueles efectivamente existentes coma membros da Asemblea Xeral, descontadas as vacantes.

Artigo 28º. De tódolos acordos acadados na Asemblea Xeral e Comisión Delegada, levantará acta o Secretario das mesmas, especificando os nomes das persoas, presentes, que as compoñían. Recollerá tódalas circunstancias que se consideren oportunas, contido dos acordos adoptados, resultados das votacións e, no seu caso, os votos particulares contrarios ao ou aos acordo ou acordos adoptados.

Os votos contrarios ao ou aos acordo ou acordos adoptados, ou as abstencións motivadas, eximirán a quen os emita ou emitan de calquera responsabilidade derivada deses acordos.

Artigo 29º. Os acordos da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, serán vinculantes e de obrigado cumprimento para a totalidade dos órganos, persoas e entidades que integran a Federación e terán forza executiva a partires da data da súa adopción.

Artigo 30º. A Asemblea Xeral non poderá adoptar acordo algún nin realizar ningún acto que poida comprometer, de forma irreversible, o seu patrimonio ou a actividade que constitúe o obxectivo propio da Federación.

No caso de dúbida, ou a petición dun 5% dos membros de dereito da Asemblea, será requisito indispensable, a emisión dun informe favorable por parte dos organismos competentes da Xunta de Galicia.

CAPÍTULO TERCEIRO

DA COMISIÓN DELEGADA

NATUREZA, CONSTITUCIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO

Artigo 31º.

1. No seo da Asemblea Xeral deberá de constituírse unha Comisión Delegada que terá carácter electivo e será un órgano de goberno e representación da Federación.



Federación Galega de Pesca

Praza Agustín Díaz, 1
Complejo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

2. A Comisión Delegada será elixida pola Asemblea Xeral na primeira reunión que se faga despois da súa constitución, mediante sufraxio, entre os membros da mesma. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral.
3. Estará integrada por un mínimo de 5 membros e un máximo de 15 (15%). De haber algunha vacante cubriríase co seguinte candidato máis votado.
4. O Presidente da Federación convocará á Comisión Delegada que se reunirá, coma mínimo cada 4 meses para os fins da súa competencia e, polo menos, para realizar o seguimento da xestión económica e deportiva da Federación.

Corresponde á Comisión Delegada da Asemblea Xeral:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
- b) A modificación do calendario deportivo.
- c) A modificación dos orzamentos e dos Regulamentos.
- d) O seguimento da xestión económica e deportiva da Federación.

As modificacións non se poderán exceder dos lindes e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza.

A proposta sobre os temas que se van tratar na Comisión Delegada correspóndelle ao Presidente ou aos dous terzos dos membros da Comisión Delegada.

CAPÍTULO CUARTO

DO PRESIDENTE

Artigo 32º. O Presidente da Federación é o órgano de goberno e representación. É quen ten a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os acordos dos mesmos. O Presidente poderá nomear delegados nas localidades aprobadas pola Asemblea Xeral. Actuarán, seguindo as súas instrucións e por delegación, nas funcións que se lle encomenden. Ditos delegados poderán ser cesados ou trocados polo Presidente segundo o seu criterio.

Artigo 33º. A duración do cargo de Presidente será de 4 anos.

No caso de que, excepcionalmente, fique vacante a Presidencia antes do transcurso do prazo para o que fora elixido, considerarase dimisionaria toda a Xunta Directiva, constituíndose a Comisión Delegada en Comisión Xestora, presidida polo membro de maior idade. Convocará á Asemblea Xeral e farase unha nova elección de Presidente



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



para cubrir a vacante, polo tempo que falte hasta cumprirse o prazo correspondente ao mandato ordinario. De producirse a vacante por mor dunha moción de censura, ateranse ao disposto no artigo 36 de estes Estatutos.

Artigo 34º. Desempeñar o cargo de Presidente da Federación será causa de incompatibilidade coas seguintes actividades:

- a) Ocupación de cargos directivos noutras Federacións Deportivas; agás na Federación Española da mesma especialidade deportiva.
- b) Desenvolver actividades ou desempeño de cargos nas Entidades Deportivas dependentes ou integradas na Federación.
- c) A persoa que resulte elixida Presidente da Federación, deberá cesar en todo tipo de actividades directivas no deporte específico e no eido territorial da Federación.

Non existirá incompatibilidade algunha, en ningún caso, coa práctica activa do deporte.

Artigo 35º. O Presidente cesará por:

- a) Esgotarse o prazo para o que fora elixido.
- b) Dimisión.
- c) Incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Por incorrer en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade. Neste derradeiro caso disporía dun prazo dun mes para cesar no posto que lle resulte incompatible co de Presidente da Federación.

Artigo 36º. A moción de censura ao Presidente poderán presentala os membros da Asemblea Xeral que sumen, polo menos, un 20% da mesma. Deberán facelo mediante escrito presentado no Rexistro da Federación. Nesta petición, deberán solicitar do Presidente a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria, con dita moción coma único punto na Orde do Día, así coma propoñer un candidato alternativo á Presidencia. No caso de prosperar a moción de censura, que se votará nun sistema de dobre volta, debendo acadar maioría absoluta de membros que compoñen a Asemblea na primeira, ou maioría simple de asistentes na segunda, feitas cunha hora de diferenza. O candidato ficará investido, cun mandato polo prazo que falte para rematar o período ordinario.

Para convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria á que se refire este artigo é de aplicación o disposto no artigo 22º destes Estatutos. A sesión da Asemblea na que se



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



debata a moción de censura estará presidida polo membro de maior idade. Non será válido o voto por correo nin a asistencia por representación.

Se a moción de censura non prosperase, non poderá presentarse outra nova antes de transcorridos seis meses no período de mandato, como tampouco se poderá presentar, no caso de prosperar, contra o candidato investido na dita moción.

TÍTULO TERCEIRO

ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS DOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 37º. Son órganos complementarios dos de goberno e representación da Federación para asistir ao Presidente:

- a) A Xunta Directiva.
- b) O Secretario Xeral.
- c) O Tesoureiro.

Artigo 38º. A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión da Federación, sendo os seus membros nomeados e revogados libremente polo Presidente.

O número de membros será establecido pola Asemblea Xeral e non poderá ser inferior a 5 nin superior a 15.

O Presidente elixirá entre os membros da Xunta Directiva un Vicepresidente, que o será tamén da Federación. Substituirá ao Presidente por delegación, no caso de imposibilidade física ou ausencia temporal; ademais dun Secretario e un Tesoureiro que tamén o serán da Federación.

Estes cargos, ao estaren baseados na confianza, poderán ser trocados polo Presidente cando o considere conveniente.

Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral, terán acceso á mesma, con dereito a voz pero sen voto.

Tódolos cargos serán gratuítos e, no caso de establecerse unha compensación económica a favor de algún dos membros da Xunta Directiva, deberá ser expresamente



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



acordada pola Asemblea Xeral e constar de xeito diferenciado no orzamento. Baixo ningún concepto, esta compensación económica, poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a Federación.

1. O Presidente da Federación nomeará un Secretario que exercerá as funcións de fedatario e asesor e máis especificamente:
 - a) Levantará actas das sesións dos órganos de goberno e representación da Federación, con indicación dos asistentes, temas tratados, resultado das votacións e, de habelos, os votos particulares contrarios aos acordos acadados.
 - b) Expedirá as oportunas certificacións das actas dos órganos de goberno e representación.
 - c) Remitirá á Secretaría Xeral Para o Deporte as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada no prazo de 15 días dende a data do seu desenvolvemento. Así coma as convocatorias das mesmas.
 - d) Cantas funcións lle encomenden os Estatutos e Regulamentos da Federación, ou lle sexan delegadas polo Presidente.

2. O Tesoureiro da Federación é o órgano de administración da mesma.

Exercerá coma funcións propias:

- a) Levar a contabilidade da Federación.
- b) Exercer a inspección económica de tódolos órganos da Federación.
- c) Elaborar e presentar informes á Comisión Delegada do estado contable da Federación.
- d) Calquera outra función que lle encomenden os Estatutos e Regulamentos da Federación.

Artigo 39º. Para ser membro da Xunta Directiva non será necesario formar parte da Asemblea Xeral, pero si da Federación.

Artigo 40º. Os membros da Xunta Directiva cesarán polas seguintes causas:

- a) Vacante na Presidencia, sen prexuízo da súa conversión en Comisión Xestora nos casos previstos nestes Estatutos.
- b) Dimisión.
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Por incorrer en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade.
- e) Cesados directamente polo Presidente co cumprimento das comunicacións a que se refiren os presentes Estatutos.



Federación Galega de Pesca

Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Artigo 41º. A Xunta Directiva coma órgano colaborador do Presidente non terá competencias propias. Exercerá por delegación as que lle encomende o Presidente que poderá avogar e revogar en calquera momento.

Artigo 42º. Os asuntos ordinarios que tramite serán despachados polo Presidente e o seu Secretario.

TÍTULO CUARTO

DOS ÓRGANOS TÉCNICOS E ASESORES

CAPÍTULO UN

COMISIÓNS EN XERAL

Artigo 43º.

1. A federación poderá crear, previa aprobación pola Asemblea Xeral, cantas comisións técnicas precise, ademais das seguintes:
 - a) Os Comités de Disciplina Deportiva: Comité de Competición ou xuíz único e Comité de Apelación.
 - b) Comité de Xuíces/Árbitros.
 - c) Dirección Técnica (é opcional)

Tódalas comisións rexeranse polos seus respectivos regulamentos internos e, no seu caso, pola normativa nacional unificada emanada da Federación Española da mesma especialidade, pola lexislación aplicable e polo disposto nos presentes Estatutos.

Tódolos Presidentes dos Comités serán nomeados polo Presidente da Federación. O Secretario da Federación intervirá coma Secretario de tódolos comités sen voz e sen voto, agás se fose membros dos mesmos.

CAPÍTULO DOUS

COMITÉ DE XUÍCES/ÁRBITROS

Artigo 44º. No seo da Federación constituirase, de maneira obrigatoria, un Comité de xuíces/árbitros, cuxo Presidente será designado polo Presidente da Federación.



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Este Comité poderá adoptar a estrutura territorial da federación.

Serán funcións deste Comité:

- a) Establecer os niveis de formación arbitral.
- b) Clasificar tecnicamente aos xuíces/árbitros, propoñendo á Xunta Directiva a adscrición ás categorías correspondentes. Estas clasificacións comunicaranse á Asemblea Xeral.
- c) Propoñer aos candidatos a xuíces/árbitros nacionais.
- d) Propoñer á Xunta Directiva as normas administrativas que regulan o arbitraje, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- e) Nomear aos colexiados nas competicións oficiais de ámbito galego.
- f) Colaborar cos órganos competentes da Federación.

Tódolos Presidentes dos Comités serán nomeados polo Presidente da Federación. O Secretario da Federación intervirá coma Secretario de tódolos comités sen voz e sen voto, agás que fose membro dos mesmos.

TÍTULO QUINTO

RÉXIME ELECTORAL

CAPÍTULO PRIMEIRO

DOS CENSOS

Artigo 45º. Os censos correspondentes a cada estamento electoral comporan tódolos membros da Federación, que reúnan os requisitos establecidos para cada estamento, nos presentes Estatutos e no Regulamento Electoral. Poderán ser electores e elixibles:

- a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas e xuíces/árbitros) os que reúnan os seguintes requisitos:
 - Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
 - Ter licenza federativa en vigor e tido dúas tempadas deportivas anteriores á data da convocatoria de eleccións.
 - Ter participado nun mínimo dunha competición oficial nas dúas tempadas anteriores.
 - Os xuíces deberán ter tido actividade como tais nas dúas tempadas deportivas anteriores coma mínimo.
- b) No caso do estamento de Entidades Deportivas: aquelas que estean inscritas, no ano da convocatoria das eleccións, na Federación (que estean ao corrente das



Federación Galega de Pesca

Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

súas obrigas) e no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estes efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en catro competicións entre o ano da convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel e, necesariamente, unha delas no ano da convocatoria das eleccións. Non serán elixibles aquelas Entidades Deportivas que formen parte da Asemblea na súa condición de membros natos.

1. Aos efectos deste artigo entenderase coma competición deportiva, aquela que estivera reflectida no correspondente calendario oficial aprobado pola Asemblea Xeral.
2. Os membros da Federación que pertenzan a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito á Xunta Electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo.
3. No caso de pertenza a varios estamentos sen que se exerza o dereito de opción no período de reclamacións do censo, terase como criterio preferente: primeiro, presidente de entidade deportiva, segundo, xuíz/árbitro e, por último, deportista.

CAPÍTULO SEGUNDO

REGULAMENTO ELECTORAL

Artigo 46º. Os procesos electorais desenvolveranse conforme ao Regulamento Electoral que, a proposta do Presidente, deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral e cumprir coa Orde da Secretaría Xeral Para o Deporte, pola que se establecen os criterios para elaboración de Regulamentos e realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas.

O Regulamento Electoral terá que ser ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte e regulará os seguintes puntos:

1. Número de membros da Asemblea Xeral, circunscrición electoral e número de representantes que por cada unha delas correspondan a cada estamento.
2. Calendario Electoral.



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



3. Censo Electoral.
4. Composición, competencias e funcionamento da Xunta Electoral.
5. Requisitos para a presentación e proclamación de candidatos. Prazos para a presentación de candidatos á membros da Asemblea Xeral, que en ningún caso pode ser inferior a 10 días, e candidatos a Presidente.
6. Procedemento de resolución de conflitos, impugnacións, reclamacións e recursos electorais.
7. Regulamentación do voto por correo nas eleccións á Asemblea Xeral. Non se admitirán votos por correo nas eleccións á Comisión Delegada e Presidente.
8. Composición, competencias, funcionamento e lugar das Mesas Electorais.
9. Elección a Presidente.
10. Elección da Comisión Delegada.

CAPÍTULO TERCEIRO

Artigo 47º. Aprobada pola Asemblea Xeral a convocatoria de eleccións e o Regulamento Electoral, o Presidente, no prazo sinalado, convocará eleccións á Asemblea Xeral. Despois diso, a Xunta Directiva e o Presidente constitúense en Comisión Xestora e o Regulamento Electoral someterano á ratificación da Secretaría Xeral para o Deporte.

Segundo as disposicións federativas aprobadas, a Comisión Xestora garantirá a máxima difusión e publicidade das convocatorias de eleccións á Asemblea Xeral e Presidente, tamén do Regulamento Electoral, por un medio que permita asegurar que tódolos membros da Federación Galega de Pesca con dereito a voto recibiron a notificación. Haberá de exporse tamén o Regulamento Electoral en tódalas circunscricións electorais ou na páxina www.fgpesca.org ou na que nesas intres corresponda á Federación Galega de Pesca.

A Comisión Xestora administrará á Federación, convocará e fará unhas novas eleccións nun prazo máximo de tres meses, no caso de que non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas.

CAPÍTULO CUARTO

CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL



Federación Galega de Pesca

Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Artigo 48º. Circunscrición electoral é cada unha das provincias que compoñen a Comunidade Autónoma de Galicia é dicir: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, nas que teñan o seu domicilio, a efectos federativos, cada un dos membros dos diferentes estamentos.

CAPÍTULO QUINTO

XUNTA ELECTORAL

Artigo 49º. A Xunta Electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na Asemblea Xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da Xunta Electoral. As candidaturas deberán presentarse na mesma Asemblea na que faga a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.

Os membros da Xunta Electoral deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
 - b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
 - c) Non presentarse coma candidato a Presidente.
 - d) Non ter relación contractual coa Federación.
 - e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que supoña sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.
1. No caso de non presentarse candidatos a membros da Xunta Electoral, o Presidente da Federación proporalle á Asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán tamén reunir os requisitos definidos no apartado anterior.
 2. Actuará coma Presidente e Secretario da Xunta Electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. A asistencia á Xunta Electoral é obrigatoria agás causa xustificada.
 3. Son funcións da Xunta Electoral:



Federación Galega de Pesca

Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

- a) Vixiar que a o proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos se axuste a dereito.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a Asemblea Xeral e Presidente da Federación, segundo o disposto no Regulamento Electoral e nos Estatutos.
- c) Nomear as mesas electorais de conformidade co previsto Regulamentaria e Estatutariamente.
- d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así coma o resto da documentación electoral.
- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos segundo o establecido no Regulamento Electoral e nos Estatutos.
- f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, agás o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata o remate do proceso electoral.
- h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas polo Regulamento Electoral e os Estatutos.

CAPÍTULO SEXTO

MESAS ELECTORAIS: COMPOSICIÓN E COMPETENCIAS

Artigo 50º. Para a elección dos membros da Asemblea constituirase en cada circunscrición electoral, no día fixado, unha única mesa electoral. O horario de apertura da mesa e a súa situación serán as reflectidas no Regulamento Electoral.

As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes, elixidos por sorteo pola Xunta Electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria agás causa xustificada que deberá ser autorizada pola Xunta Electoral.

O modo de elección e competencias da mesa electoral serán os reflectidos no Regulamento Electoral.

CAPÍTULO SÉPTIMO

RECURSOS



Federación Galega de Pesca

Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Artigo 51º. As reclamacións e impugnacións que se presentaren contra calquera acto electoral dirixiranse á Xunta Electoral e, contra o que ésta resolva caberá recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo as resolucións deste fin a vía administrativa.

Están lexitimados para interpoñer este recurso os representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da Xunta Electoral. Os prazos e requisitos para interpor recurso serán os indicados no Regulamento Electoral.

CAPÍTULO OITAVO

ELECCIÓN DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 52º. O número de membros da Asemblea Xeral será o indicado segundo o artigo 18º, coa porcentaxe representativa do artigo 17º dos Estatutos, e ha de ser o que corresponda, unha vez aprobado definitivamente o censo electoral.

1. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e segredo, agás a singularidade prevista para o estamento de Entidades Deportivas, por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen nos Estatutos e Regulamento. Terán representación tódolos estamentos recoñecidos nos Estatutos e integrados na federación e, cando menos, as Entidades Deportivas, os deportistas e os xuíces/árbitros.
2. No estamento de Entidades Deportivas haberá membros natos e membros electos. A representación das Entidades Deportivas correspóndelles aos seus presidentes ou persoas que, conforme aos seus estatutos, lles corresponda. Esta representación acreditarase, de maneira fidedigna, mediante certificación da inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia na que consten expresamente os representantes legais da entidade. Non cabe representación das persoas físicas. Ningún membro da Asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.
3. A Federación axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto)



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Artigo 53º. Conforme ao establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, establécese como baremo para a designación dos membros natos da Asemblea Xeral o seguinte: Maior número de licenzas federativas no derradeiro ano anterior á convocatoria de eleccións e participación no maior número de competicións oficiais no mesmo período de tempo.

Artigo 54º. Poderá ser candidato a membro da Asemblea Xeral toda persoa física ou xurídica no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito dita solicitude perante a Xunta Electoral. Para a solicitude establécese un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo. Asemade, o candidato non pode incorrer, na data na que se publique a convocatoria de eleccións, en ningún dos supostos a, b, c, d, e, f do artigo 14º destes Estatutos.

Artigo 55º. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea en aqueles estamentos integrados por persoas físicas.

CAPÍTULO OITAVO

ELECCIÓN DO PRESIDENTE

Artigo 56º. No día e na hora fixados na convocatoria correspondente, constitúese a Asemblea Xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da Orde do Día a elección a Presidente e a membros da Comisión Delegada. O Presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e segredo polos membros da Asemblea Xeral presentes no momento da elección.

1. Na votación á elección de Presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación do voto. A representación das Entidades Deportivas realizarase conforme ao establecido no artigo 52º parágrafo segundo, non admitíndose que unha persoa desempeñe a representación de máis dunha entidade.
2. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o Presidente presentará aos candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.
3. Procédese posteriormente á votación en urna para a elección do Presidente, que será segreda.



Federación Galega de Pesca

Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

4. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.
5. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.
 - a) Na primeira votación son elixibles tódolos candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contengan un maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.
 - b) Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran polo menos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido Presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.
 - c) No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous máis votados, no prazo de 2 horas do mesmo día, resultando elixido o que obteña maioría de votos.
6. Rematada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral contará os votos obtidos por cada un dos candidatos e levantará a oportuna acta.
7. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate resultará elixido aquel que teña maior número de licenzas (estamento de Entidades Deportivas), maior número de participacións en competicións oficiais (deportistas e xuíces/árbitros), por último, por sorteo.
8. No caso de que se presentase un só candidato, non se fará votación.



Federación Galega de Pesca

Praza Agustín Díaz, 1
Complejo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

9. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a Federación e convocará e realizará novas eleccións a Presidente no prazo máximo de 3 meses.
10. Acabada a elección, a acta do resultado desta será enviada á Xunta Electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a Xunta Electoral proclamará Presidente ao candidato mais votado e comunicará os resultados á Secretaría Xeral Para o Deporte no prazo máximo de 10 días.
11. Unha vez proclamado definitivamente o novo Presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á Federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría Xeral Para o Deporte.
12. Despois da súa proclamación o Presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos Estatutos da Federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría Xeral Para o Deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

CAPÍTULO NOVENO

ELECCIÓN DE MEMBROS DA COMISIÓN DELEGADA

Artigo 57º. A comisión delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e segredo entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral. Será presidida polo Presidente da Federación coma membro nato desta.

O número de membros da comisión delegada será de seis. O procedemento para a súa elección será o seguinte: votación entre candidatos en Asemblea e proporcionalmente ao número de representantes por estamento.

TÍTULO SEXTO

RÉXIME ECONÓMICO



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Artigo 58º. A Federación está sometida ao réxime de administración, orzamento e patrimonio propio e caixa única.

O Tesoureiro someterá á Asemblea Xeral ordinaria un balance de situación e as contas de ingresos e gastos e Memoria económica, así coma o orzamento para a tempada seguinte, balance e orzamento que deberá ser notificado á Secretaría Xeral Para o Deporte.

Non poderá aprobarse un orzamento deficitario agás autorización da Secretaría Xeral Para o Deporte. Tampouco se poderán repartir beneficios entre os seus membros.

A Federación elaborará unha Memoria que analizará fidedignamente a actividade económica da federación, a súa axeitada actuación orzamentaria, o cumprimento dos obxectivos e proxectos a desenvolver e informará separadamente, coma mínimo, dos seguintes aspectos:

1. Diferenciación dos ingresos e axudas segundo:
 - a) Subvencións públicas.
 - b) Subvencións, donativos ou axudas privadas.
 - c) Ventas de activos.
 - d) Ingresos procedentes de competicións organizadas.
 - e) Ingresos por servizos prestados pola federación, permisos, licenzas e outros.
 - f) Ingresos financeiros.

2. Tamén constará o destino da totalidade dos recursos, diferenciando coma mínimo os grupos de custe ou inversións seguintes:
 - a) Administración da federación.
 - b) Dirección e servizos da directiva, incluíndo os desprazamentos.
 - c) Competicións.
 - d) Axudas a Entidades Deportivas e outras entidades.
 - e) Axudas para actos deportivos.
 - f) Construcións e outros inmovilizados.
 - g) Formación de deportistas, técnicos, xuíces/árbitros etc.
 - h) Deporte de elite e profesional.
 - i) Xuíces/árbitros.
 - j) Órganos xuridiscionais.

3. O importe das obrigas de pagamento que é necesario satisfacer noutros exercicios que non estean previstos no balance.



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



4. O importe: das garantías e avais comprometidos.
5. A liquidación do orzamento, que explique as variacións en relación ao orzamento aprobado na Asemblea Anterior.

As contas anuais e os orzamentos estarán no domicilio social da Federación, á disposición das persoas ou entidades con dereito a voto na Asemblea, cunha antelación mínima de 15 días á data da Asemblea Xeral. Poderán pedir copia, que lles será entregada antes da data da mesma.

Artigo 59º. Os ingresos da Federación veñen de:

- a) As subvencións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Galicia ou das que outras entidades Públicas poidan outorgarlle; tamén, de ser o caso, da Federación Española da mesma especialidade deportiva.
- b) Dos bens ou dereitos que reciba por herdanza, doazóns de persoas físicas ou entidades particulares ou de premios que lle poidan ser concedidos.
- c) Das cotas dos seus afiliados.
- d) Das sancións pecuniarias que se lle impongan aos seus afiliados dentro do exercicio da potestade disciplinaria.
- e) Dos froitos, rendas e intereses dos seus bens patrimoniais.
- f) Dos préstamos ou créditos que se lle concedan.
- g) Dos beneficios que, de ser o caso, produzan as actividades e competicións que organice, así coma dos derivados dos contratos que faga.
- h) De calquera outra actividade ou circunstancia que poida serlle atribuída por disposición legal ou en virtude de convenio.

Artigo 60º. A Federación destinará a totalidade dos seus ingresos e patrimonio á consecución dos fins propios do seu obxecto social.

Artigo 61º. A xestión económica ordinaria correrá a cargo do Tesoureiro, baixo a dirección do Presidente, ou coa do Vicepresidente autorizado. Será o responsable de tódolos documentos de movemento de fondos e da xestión e custodia dos libros de contabilidade. Formulará os balances que anualmente deberán presentarse á Asemblea Xeral para a súa aprobación.



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



TÍTULO SÉPTIMO

RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 62º. O réxime documental da federación constará, coma mínimo, dos seguintes libros debidamente dilixenciados.

- a) Libro de Rexistro de entrada e Saída de documentos e comunicacións oficiais.
- b) Libro de Rexistro de entidades deportivas nos que constará a denominación destas, domicilio social e número de inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas da Xunta de Galicia.
- c) Libros de actas que rexistrarán as reunións que teñan tódolos órganos colexiados da Federación, tanto de goberno e representación coma os completamente técnicos.
- d) Libros de contabilidade.
- e) Libro de inventario de bens mobles e inmoables.
- f) Rexistro dos membros da Asemblea Xeral, da Comisión Delegada no que deberán constar os nomes dos titulares ou representantes legais e os domicilios para as citacións e comunicacións.

Artigo 63º. O réxime documental da Federación estará a cargo do Secretario, a quen lle corresponde a custodia dos libros da Federación, levantar actas das reunións dos órganos colexiados, unha vez aprobadas, firmalas co Visto e Prace do Presidente, expedir certificacións, remitir as certificacións e acordos que procedan á Secretaría Xeral Para o Deporte e, en xeral, preparar a resolución e despacho de tódolos asuntos.

No caso de ausencia ou imposibilidade física do Secretario as súas funcións desempeñaraas o propio Presidente da federación o a persoa na que el delegue.

TÍTULO OITAVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO E XURIDICIONAL

Artigo 64º. A Federación, en materia de disciplina deportiva, ten potestade sobre tódalas persoas que formen parte da súa estrutura orgánica, as Entidades Deportivas e os seus deportistas, técnicos e directivos, xuíces/árbitros e, en xeral, todas aquelas, persoal



Praza Agustín Díaz, 1
Complexo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



e entidades, que estando federadas desenvolvan a actividade deportiva que constitúe o seu obxecto social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega.

Artigo 65º. Os órganos competentes en materia disciplinaria serán:

- a) En primeira instancia, un Comité de Competición ou Xuíz Único.
- b) En segunda instancia, un Comité de apelación.

Ambos órganos rexeranse por e aplicarán o disposto no R.D. 1591/92, de 23 de decembro, sobre Disciplina Deportiva.

O Comité de Competición ou Xuíz Único de Competición estará integrado por un número de membros de 1 e 3, nomeados pola Asemblea Xeral de entre os membros da Federación. O Comité de Apelación estará integrado por 3 membros, tamén nomeados pola Asemblea Xeral entre os membros da federación. A duración do cargo coincidirá coa da Asemblea Xeral que os nomease e ao longo deste tempo só cesarán por renuncia ou dimisión, falecemento, incapacidade física ou psíquica, perda da condición de membro da Federación ou sanción que o inhabilite para o cargo.

Artigo 66º. As resolucións ditadas polo Comité de apelación dentro das súas competencias, terán carácter definitivo no ámbito da Federación e poderán ser recorridas perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva conforme á lexislación vixente.

TÍTULO NOVENO

DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS. DA DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CÁSTING

Artigo 67º. Os Estatutos da Federación só poderán ser modificados pola Asemblea Xeral e de acordo co establecido nos presentes Estatutos.

Artigo 68º. A proposta de modificación dos Estatutos deberá ser acordada polo Presidente ou Comisión Delegada da Federación. Nomeándose de seguido, pola mesma, unha comisión técnica que faga os traballos necesarios para presentar á Asemblea o novo texto que se someterá a aprobación.



Federación Galega de Pesca

Praza Agustín Díaz, 1
Complejo Deportivo Elviña
Local, 5
15008 A CORUÑA
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Aprobada a reforma dos Estatutos pola Asemblea Xeral, deberá ser ratificada pola Secretaría Xeral Para o Deporte.

Artigo 69º. A Federación disolverase polas seguintes causas:

- a) Por acordo da maioría dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral, confirmado, por maioría absoluta, por tódolos membros da Federación en votación libre, igual, directa e segreda.
- b) Polas demais cousas que determinen as Leis vixentes.

Feita a liquidación da Federación, o patrimonio neto, de habelo, destinarase aos fins de carácter deportivo que determine a Secretaría Xeral Para o Deporte, de conformidade co disposto no Decreto 228/1994, de xullo, regulador das Federacións Deportivas Galegas e a Orde de 28 de xullo de 1995 e cumprida dita normativa.

Estes Estatutos foron aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria do 25 de setembro nos salóns do Club As Bidas en Lugo. Acompáñase fotocopia compulsada da acta.